

# Addenda programación para a súa adaptación á Orde 25.01.2022

## Departamento de Física e Química

En cumprimento do recollido na orde 25.01.2002, reunido o Departamento de Física e Química acorda engadir na programación didáctica do curso 2021-2022 as seguintes aclaracións para a avaliación do período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación ordinaria.

### **Instrumentos ou ferramentas de avaliación**

#### Alumnado con parte ou toda a materia suspensa

Co obxectivo de repasar e reforzar os contidos non adquiridos, entregaranse boletíns de exercicios que se resolverán na clase e que estarán deseñados de acordo co informe individualizado de cada alumno.

Ao final do período, farase unha proba obxectiva para cada avaliación non superada polo alumno, que abarcará a maior parte dos contidos mínimos traballados en dita avaliación.

#### Alumnado coas tres avaliacións aprobadas

O alumnado nestas circunstancias realizará distintas actividades encamiñadas a visibilizar como pode contribuír esta disciplina ao desenvolvemento sostible e a loita contra o cambio climático. Sobre estas actividades (lectura de artigos divulgativos, seccións de libros, blogues de divulgación científica, páxinas web, etc ) o alumnado realizará diferentes traballos.

### **Criterios de cualificación**

#### Alumnado con parte ou toda a materia suspensa

Para cada avaliación:

O seguemento do traballo diario na clase representará un máximo do 20% da nota.

A proba obxectiva puntuará un mínimo dun 80% e substituirá á nota da recuperación correspondente.

## Integración da cualificación do período cos resultados da avaliación de todo o curso

### Alumnado con parte ou toda a materia suspensa

A cualificación final de cada avaliación farase de acordo co xa previsto na programación didáctica do departamento (páx. 10):

*“Cada avaliación terá a súa correspondente recuperación para os alumnos que non acadaran a cualificación de aprobado. A nota final da avaliación será a media entre a nota inicial e a nota da recuperación. No caso en que a recuperación estea aprobada, a nota mínima será un 5.”*

A nota global da materia será positiva cando alcance un mínimo de 5, obtida como media das tres avaliacións, non sendo ningunha nota de avaliación inferior a 3'5.

### Alumnado coas tres avaliacións aprobadas

A realización das actividades propostas na clase pode incrementar un máximo de 0'5 puntos a nota global, obtida como media das tres avaliacións.

En Lugo a 18 de marzo de 2022

Vº e prace.

A Xefa do Departamento

Ana Mª López Piñeiro

Os membros do Departamento:

Rosa Ana Piñeiro Arias

Ana Isabel Quiroga

María Sofía Salgado Díaz

Granadina Díaz Pérez